

hggtonline

## miércoles 8 de junio de 2011

### Os catadores valoran os Ribeira Sacra como viños frescos, vivos e atlánticos



Por segundo ano consecutivo, a Asociación Galega de Catadores e a Asociación de Sumilleres de Galicia, Gallaecia, realizan de xeito conxunto as catas para os premios "Excelencia" que concede a A.G.C. e "Distincións Gallaecia" que concede a Asociación de Sumilleres de Galicia. Así, unha ducia de catadores de ambas asociacións, divididos en dous paneis de cata, probaron as mostras na D.O. Ribeira Sacra. En concreto, foron un total de 73 mostras, 13 delas de branco.

Desde Gallaecia, Mercedes González, destaca que a elaboración dos brancos de Ribeira Sacra vai en ascenso; asegura que son viños moi estruturados que obedecen á tipoloxía da uva. Pola súa banda os tintos son moi afroitados, moi limpos, viños moi representativos de Ribeira Sacra. Considera Mercedes González que os viños da Denominación van evolucionando ano a ano, elimínanse defectos e tense máis coidado nas elaboracións, "deterrouse fai tempo o concepto de viños acedos asociados a esta zona, agora tradúcese en frescura, viveza,... nos viños atlánticos que son", apunta Mercedes González.